# NOTICIAS



POLÍTICAS SOCIAIS

## Avanza a atención en desafiuzamentos mediante convenios cos colexios de Avogados e Psicólogos



Evaristo Nogueira, Concha Fernández e Rosa Álvarez tras a firma do convenio.

(http://www.santiagodecompostela.gal/imxd/noticias/imx/1477388420DSC07029.JPG)

polo Concello de Santiago de Compostela. Nesa liña quérese xerar un recurso de atención psicolóxica dirixida a aquelas persoas que sofren os efectos da crise económica con maior dureza.

"O obxectivo pasa por evitar e paliar as consecuencias psicolóxicas máis graves que se poden dar nestes procesos de desafiuzamentos, xa que en moitos casos son consecuencias non visibles que implican rupturas nos proxectos persoais e familiares, desequilibro emocional, condutas desadaptativas, ou deterioro das relacións persoais ante a extrema vulnerabilidade a que se leva ás persoas nestes casos", tal e como explicou a decana do Colexio de Psicoloxía.

**Protocolo de prevención**
A Mesa de Traballo para a elaboración dun protocolo conxunto de atención a persoas afectadas polos desafiuzamentos continúa a reunirse para crear un modelo de atención específico. Nela participan os colexios profesionais de Traballo Social, Avogacía e Psicoloxía; os concelleiros de Políticas Sociais dos concellos de Ames, Teo e Santiago; o colectivo Stop Desafiuzamentos e a Asociación de persoas afectadas polos desafiuzamentos.

Compartir: